

LENDAS SOBRE ALGÚNS SANTUARIOS DA PROVINCIA DE LUGO.

AUTOR: José Manuel BLANCO PRADO.

[Artigo publicado en Croa, Boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga, nº 10, 2000, Depósito Legal: LU-39/2000, ISSN: 1575-0639] Traducido ao galego polo autor.



Santuario de San Cosme, Galgao, Abadín (Lugo)

LENDAS SOBRE ALGÚNS SANTUARIOS DA PROVINCIA DE LUGO.

A lenda é unha narración fantástica dun feito, acontecido nun lugar e nun tempo concreto, que normalmente ten un fundamento histórico e que foi formada e ás veces desvirtuada pola tradición oral. Posúe un carácter máis utilitario e transcendente, transmitindo conceptos fundamentais da cosmovisión do grupo social na que se xeran e difunden ¹.

As lendas poden clasificarse, segundo **Vicente Risco** en etiolóxicas, haxiográficas e históricas ². Pola súa banda **Leandro Carré** sinala a existencia de lendas de carácter popular, relixioso, fantástico e de encantamentos, históricas e novelescas ³. Tense afirmado que todas teñen un fondo certo, nembargantes, anque non falten lendas nas que se atopa un substractum histórico, nalgunhas non hai senón debezos racionalizadores da pantasía, da superstición ou da ciencia arcaicas ⁴.

As lendas relixiosas, de contidos sinxelos, tentan reflectir algúns feitos ligados ás diferentes imaxes de veneración e ó que aquelas simbolizan.

Neste tipo de lendas, distingo catro modelos:

I.- LENDAS SOBRE A ORIXE DALGÚNS SANTUARIOS.

II.- LENDAS SOBRE O CAMBIO DE EMPRAZAMENTO DE VARIOS SANTUARIOS.

III.- LENDAS SOBRE VARIOS FEITOS TRANSCENDENTAIS,

LIGADOS CON ALGÚNS SANTUARIOS.

IV.- LENDAS SOBRE O DEREITO DE PROPIEDAD SOBRE ALGÚNS

¹.- GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Lendas Galegas de Tradición Oral*. Biblioteca Básica da Cultura Galega. Ed. Galaxia. Vigo, 1983, p. 7.

².- RISCO, Vicente.: "Etnografía. Cultura Espiritual". *Historia de Galiza* dirixida por R. Otero Pedrayo. T.I. Akal. Madrid, 1979, p. 692.

³.- CARRÉ ALVARELLOS, Leandro.: *Las leyendas tradicionales gallegas*. Colección Austral. Espasa-Calpe, S.A. Madrid, 1977, pp. 24 e ss.

⁴.- TABOADA CHIVITE, Xesús.: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*. Galaxia. Vigo, 1972, pp. 182-183.

SANTUARIOS.

I.- LENDAS SOBRE A ORIXE DALGÚNS SANTUARIOS.-

As lendas relixiosas de aparicións de imaxes son a manifestación dunha relación, que se establece entre

unha comunidade cunha imaxe e o que representa e ademais cun lugar, que é o punto de encontro entre o humano e o sagrado.

As lendas tentan conceder unha concreción ó ser sobrenatural ⁵. Isto quere dicir que un símbolo universal corvírtese en particular polo lugar.

Os lugares de aparición, moitos dos cales encóntranse alonxados das poboacións, no campo e no monte, foron valorados como lugares de culto por medio da lenda ⁶. Nestes lugares as comunidades respectivas cambiaron o espacio, construíndo dun xeito permanente santuarios. Isto determinou a futura función de tales espazos e amosou a profunda transformación que a manifestación dunha imaxe implica. *"Inzan as léndas encol das ermidas sobor da súa orixe como aparición dunha imaxe que, cando se quere levar pra outro lado, desaparece e xurde de novo no mesmo lugar, indicando os desexos de que alí sexa onde erga a ermida.."* ⁷.

1.- Lenda sobre o Santuario do Sambreixo.-

Este santuario está situado na freguesía de Sambreixo, municipio de Palas de Rei, diócese de Lugo. As súas festividades, dedicadas ás diferentes advocacións da Virxe, celébranse os días oito, catorce e o terceiro ou cuarto domingo de setembro.

Vinculado co recinto sagrado hai unha fonte que leva por nome "a fonte da nai de Deus". Nesta fonte realízanse os seguintes rituais:

a.- Algúns devotos beben a súa auga e lévana en botellas para as súas casas cunha finalidade profiláctica e curativa.

b.- Hainos que lavan as doenzas dos seus corpos cuns panos e logo déixanos a carón da fonte. Existe a crenza de que axiña que os panos van podrecendo as doenzas das persoas van desaparecendo. Polo tanto o que se está levando a cabo con este ritual é imitar dun xeito deliberado aquilo que se pretende acadar. Sobre esta fonte hai a seguinte lenda, ligada á orixe do santuario: *"Hai moitos anos apareceuse a Virxen xunto a fonte, o que deu lugar a que os veciños da zona lle construíran un templo cerca dese lugar. Dicíase que a Virxen estaba situada fronte a unha ventana pola que contemplaba a fonte. Un día*

⁵.- VELASCO, Honorario. M.: "Las leyendas de hallazgos y de apariciones de imágenes. Un replanteamiento de la religiosidad popular como religiosidad local". *La Religiosidad Popular.II. Vida y Muerte: La Imaginación Religiosa.*

(Coords), C. Álvarez Santaló, María Jesús Buxó y S. Rodríguez Becerra. Anthropos. Barcelona, 1989, p. 402.

⁶.- VELASCO, Honorario M.: *Obr. cit.*, p. 403.

⁷.- TABOADA CHIVITE, Xesús.: *Obr. cit.*, pp. 100-101.

*a ventana foi tapada, o que deu lugar a que a Virxen aparecese de novo na fonte. Desde que a ventana foi de novo aberta, a Virxe xamais volveu deixar o templo"*⁸.

Esta lenda, o mesmo que outras, tiña como función crear a sacralización histórica dunha imaxe e dun lugar, usándose tamén como barreira na memoria popular para esquecer o posible culto pagán, dedicado ás augas, existente naquel lugar. Sobre este posible culto precristián hai que ter en conta que na freguesía do S. Martín de Curbián, preto do seu anexo de Sambreixo, atopouse unha ara votiva sobre a que fixeron estudos varios investigadores como D. Francisco Vázquez Saco, D. Manuel Vázquez Seijas, D. José Blázquez Martínez e D. Nicandro Ares Vázquez, entre outros. Este último interpretou a ara do seguinte xeito: "Bandue Bolecco Sulpicius Xincerus C(uravit) V(otum) S(olvere) L(íbens) M(erito)". É dicir, "Sulpicio sincero procuró cumprir gustoso en justicia un voto a Bandua Bolecco", á que consideraba unha deidade da fertilidade. *"Son tantas estas augas santas, que non hai remedio sinón convir en que se debe tratar dunha tendencia ancestral moi fonda do noso pobo, a da veneración das fontes, e que o seu culto debéu ser dos principás non tempos da paganía, como delo vimos tamén que hai probas epigráficas"*⁹.

2.- Lenda sobre o Santuario de Conforto.-

Este santuario está situado na freguesía da Sta. María de Conforto, municipio de A Pontenova, diócese de Mondoñedo-O Ferrol. A súa festividade celébrase o día oito de setembro.

Sobre a súa orixe dicíase *"que o santuario querían facer máis arriba de donde está. Logo como se apareceu a Virxen tres ou catro veces ó lado da fonte, decidiron construílo aí mesmo"*¹⁰. Hai unha variante desta lenda na que se expón *"que a Virxen apareceuse tres ou catro veces xunto a un lugar, donde naceu unha fonte, cerca da cal fixeron unha capela"*¹¹.

Nesta lenda reflectese, como na anterior, unha cristianización dun culto pagán dedicado ás augas. *"No es posible relatar...la gran cantidad de fuentes denominadas por el vulgo "santas" o "sagradas", atribuyéndole virtudes maravillosas. Por lo general, se hallan cercanas a un santuario cuyo santo epónimo es invocado al hacer el rito que encierra un fondo de paganía"*¹².

3.- Lenda sobre o Santuario de Cadeiras.-

Este santuario está situado na freguesía do S. Vicente de Pinol, municipio de Sober, diócese de Lugo. A súa festividade celébrase os días oito e nove de setembro.

⁸.- Informante da freguesía de Sambreixo (Palas de Rei).

⁹.- RISCO, V.: *Obr. cit.*, p. 410.

¹⁰.- Informante de Conforto (A Pontenova).

¹¹.- Informante de A Pontenova.

¹².- BOUZA-BREY, F.: "Los mitos del agua en el noroeste hispanico". *Emografía y Folklore de Galicia(1)*. Ed. Xerais de Galicia. Vigo, 1982, pp. 233-234.

Comentase, sobre a súa orixe, o seguinte: "cerca do santuario hai un penedo donde se apareceu a Virxen. Alí tiña un lugar donde pousaba o peine e o xabón, co cal pola mañá cedo iba a lavarse ó río Sil"¹³. Na actualidade neste penedo que é moi visitado polos devotos, que acoden ó santuario, hai unha pequena imaxe da Virxe. Esta lenda tenta amosar a cristianización dun posible culto pagán dedicado ós penedos.

"Penedos milagreiros atópanse unhas veces onde os santuarios, outras veces isolados no monte ou na campía. Soéanse ter coma tales aquiles onde houbo algunha aparición, onde foi atopada unha imaxe.." ¹⁴.

4.- Lendas sobre o Santuario do S. Vitorio.-

Este santuario está emprazado na freguesía da Sta. María de Saá, municipio da Poboia do Brollón, diócese de Lugo. A súa festividade celébrase o día vinteseite de agosto.

Dicíase "que noutro tempo vivía un ermitaño nun monte da Poboia, cercano a Saá. Logo atopouse alí a imaxe do

S. Vitorio, que foi levada pra igrexa de Saá. O santo volvía aparecer no monte varias veces hasta que se fixo unha capela nese lugar pra súa devoción" ¹⁵. Tamén se comenta "que hai uns ochenta anos o santo foi trasladado desde o S. Vitorio a Saá, co que o lugar onde estaba antes perdeu moita importancia, de tal xeito que o bispo decidiu pagarlles a uns cantos veciños para que restituísen o S. Vitorio ó seu lugar orixinal. Logo o mandatario eclesiástico quixo dar a entender que o feito de que o santo volvera á ermita, de onde o levaran, era algo realmente milagroso" ¹⁶.

Na actualidade, o S. Vitorio permanece todo o ano na igrexa parroquial de Saá, sendo levado á súa ermida o día vinteseite de agosto, festividade do santo.

Por medio destas lendas téntase manifestar o espírito do ermitán, a posible cristianización de antigos cultos pagáns dedicados ós montes e fomentar o culto ó S. Vitorio.

"Os montes tiveron, de cote, simbolismo sagro. A outura indica proximidade ao ceu, transcendencia" ¹⁷.

"No curuto dunha serra ou na súa encosta hai moitas ermidas que cristianizan vellas paganías.." ¹⁸.

5.- Lenda sobre o Santuario de Augas Santas.-

O santuario está situado na freguesía do S. Martiño de Pantón, municipio de Pantón, diócese de Lugo. A súa festividade conmemórase o segundo domingo de setembro.

Dicíase "non sei en que época se apareceu a Virxen na Escrita nun penedo no que aparecen as huellas dos pés da Virxen. Eso parece que é donde procede esto, xa que demolida a capilla profana aproveitaron os restos que había para construír encima a que hai hoxe" ¹⁹.

¹³.- Informante de Pinol (Sober).

¹⁴.- RISCO, Vicente.: *Obr. cit.*, p. 362.

¹⁵.- Informante da freguesía de Saá (A Poboia do Brollón).

¹⁶.- Informe de Manuel Darriba.

¹⁷.- TABOADA CHIVITE, Xesús.: *Obr. cit.*, p. 99.

Esta lenda trata de explicarnos a cristianización de antigos cultos pagáns, existentes na zona, reflectidos no cambio de emprazamento dun recinto pagán por outro cristián.

6.- Lendas sobre o Santuario do S. Pegerto.-

Este santuario está emprazado na freguesía do S. Miguel de Bucións, municipio de Carballedo, diocese de Lugo. A súa festividade celébrase o día nove de setembro.

No ano mil oitocentos trinta e dous o bispo de Valladolid, D. Xosé Antonio Rivadeneyra, nacido nesta terra, trouxo, na carroza dos de Cartelos(Taboada de Zúñiga), as reliquias do S. Pegerto que estaban depositadas nas catacumbas do S. Calixto²⁰. Díciase "*que os cabalos que tiraban da carroza ó pasar polo "Corpo Santo" de Viana, puxéronse de xeonllos*"²¹. Nesta lenda hai o propósito de recoñecer o carácter sagrado e devocional desta imaxe, pertencente ó santuario de Viana (Chantada).

Por outra banda, para fomentar o culto ó santo xurdiu a seguinte lenda: "*cando S. Pegerto pasaba por estas terras sorprendeulle a morte, entre Viana e Bucións, sendo levado seu corpo hasta o santuario*"²². A devoción a este santo é tan importante que a imaxinación popular dotou a imaxe de vida latente xa que por tradición comentase "*que ó santo lle crece a barba e as uñas dos pés e maos*"²³.

7.- Lenda sobre o Santuario da Virxe das Virtudes.-

Este santuario está situado na freguesía do S. Miguel de Pedrafita, municipio do Corgo, diocese de Lugo. A súa festividade ten lugar, no mes de maio, o día da Ascensión.

Comentase "*que hai moitos anos algúns veciños de Pedrafita encontraron a Virxen na fonte, lavando. Levárona a igrexa da parroquia, pero ela volveu pra a fonte, e así unha e outra vez hasta que os veciños da zona decidiron facerlle unha ermida neste lugar*"²⁴. Como queda amosado na lenda, preto do santuario hai unha fonte, que cumpre unha función moi semellante á do santuario do S. Ambreixo (Palas de Rei).

"El culto de las aguas..presenta una continuación impresionante. Ninguna revolución religiosa ha podido abolirlo; alimentado por la devoción popular, el culto de las aguas acabó por ser tolerado incluso por el cristianismo..La continuidad cultural llega algunas veces desde el neolítico hasta nuestros días"²⁵.

8.- Lendas sobre o Santuario do S. Vitorio de Damil.-

Este santuario está emprazado na freguesía do S. Salvador de Damil, municipio de Begonte, diocese de Mondoñedo-O Ferrol. A súa festividade celébrase a mediados do mes de maio.

Por medio dunha serie de lendas procúrase dar

¹⁸.- TABOADA CHIVITE, Xesús.: *Obr.cit.*, p. 100.

¹⁹.- Informes de Pepe de Augas Santas (Pantón).

²⁰.- BLANCO PRADO, J.Manuel.: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*. Servicio Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, p. 93.

²¹.- Informante de Viana (Chantada).

²².- Informante de Bucións (Carballedo).

²³.- Ibidem.

²⁴.- Informantes de Pedrafita (O Corgo).

unha explicación da orixe do santuario, da fonte do santo e dunha das peticións fundamentais hai anos, como era, a curación da sarna.

Unha delas dinos "*que ó chegar o S.Vitorio a este lugar sentiuse mal, cheo de sarna e ampollas, e aquí morreu, pedindo que lle construíran unha capela*"²⁶. Agora ben, no interior da capela hai dúas imaxes do S. Vitorio, que teñen un importante carácter simbólico, que estaría en contradicción coa anterior lenda. Así coméntase "*que o S. Vitorio pequeno era leñador e tiña a sarna; por tal motivo non crecía. Sin embargo o*

S. Vitorio máis grande, é cando despois de lavarse na fonte, sanou e creceu"²⁷. Por outra banda hai outra lenda que chegou ós nosos días de dous xeitos diferentes. Así expónse "*que un crego que atendía a capela do S. Vitorio vendeu as polas duns carballos milenarios que había xunto a capela, e debido a eso morreu sarnoso*"²⁸. A súa forma antitética é "*que o crego, arrepenido polo que fixo, pediu perdón, aparecendo xunto á capela unha fonte que tiña como finalidade curar a sarna*"²⁹.

Este tipo de lendas utilizábanse como barreira e ocultamento na memoria popular de antigos cultos pagáns, ligados coas fontes, cos penedos, coas árbores..

Por outra parte certos rituais levados a cabo a carón dunha serie de pedras, fontes, bosques, etc, foron aproveitados polo cristianismo, sempre que o xustificasen posibles rendementos³⁰. Polo tanto a nova relixión adaptouse na medida do posible ós cultos ancestrais coa finalidade de ganar adeptos para a súa causa, polo cal cristianizou pedras, fontes, mananciais,etc.

Finalmente as lendas de aparicións de imaxes son non só a xustificación dun lugar de culto, senón tamén un contido da crenza que a comunidade asume como suplemento ó dogma católico.

II.- LENDAS SOBRE O CAMBIO DE EMPRAZAMENTO DE VARIOS SANTUARIOS.-

Na maioría dos santuarios, nos que houbo un cambio espacial, o responsable do mesmo era o párroco, axudado case sempre por algún veciño da freguesía. Algunhas veces, estes adoitaban leva-la imaxe, que se veneraba no santuario, ó novo lugar de emprazamento ás veces que fose mester, ata que os veciños da comunidade decidían construír un novo recinto sagrado no lugar de aparición, pensando que un ser sobrenatural era quen decidía dito cambio. Outras veces o traslado levábase a cabo ata a igrexa da freguesía.

²⁵.- ELIADE, M.: *Tratado de la historia de las religiones*. Instituto de Estudios Políticos. Madrid, 1954, p. 211.

²⁶.- Informante de Damil (Begonte).

²⁷.- Informante de Lugo.

²⁸.- Informante de Damil (Begonte).

²⁹.- Ibidem.

³⁰.- DE FRUTOS GARCÍA, Pedro.: *Leyendas Gallegas(III). El Caldero de Lug*. Ed. Tres-Catorce-Dieciséiete. Madrid, 1981, p.23.

Todo isto era recollido en lendas que tiñan como obxectivo que as diferentes comunidades coñecesen a razón aparente do cambio. Sen embargo, os verdadeiros motivos do traslado eran, entre outros, os seguintes:

1º.- Porque o párroco quería concentrar todo o culto da freguesía na igrexa, debido ó alonxamento do santuario.

2º.- Por motivos de índole económica.

3º.- Para mellorar as estradas de acceso ó recinto sagrado.

4º.- Para que a comunidade esquecese os antigos cultos pagáns, existentes no seu lugar de orixe.

De tódolos xeitos o cambio espacial non era posible ás veces, debido á presión que exercían os veciños do lugar. Nestes casos -segundo a lenda- a todo acto de traslado acontecíalle unha resistencia da imaxe a ser trasladada.

A imaxe volvía unha e outra vez -ata tres veces- ó lugar orixinario. O seu retorno posibilitaba que o lugar fora recoñecido e valorado. Era unha manifestación de poder que fai dunha imaxe algo máis que un signo³¹.

1.- Lenda sobre o Santuario do S. Mateo.-

O santuario está situado na freguesía da Sta. María de

A Parte, municipio de Monforte de Lemos, diócese de Lugo.

A súa festividade conmemórase o día vinteún de setembro. Na actualidade, a imaxe do santo permanece todo o ano na capela de A Parte. Sen embargo dicíase *"que hai anos estaba no lugar conocido co nome do Caneiro nun oco dunha roca, donde estaba protexido das inclemencias do tempo. Para poder chegar ó lugar donde estaba había que ascender unhas escaleiras de pedra, que eran para uso exclusivo do santo. Na víspera da romaxe o santo baixaba as escaleiras e se dirixía á capela, para aparecer ó día vinteún de setembro no santuario"*³².

Algúns veciños comentaban que xa naqueles tempos había persoas da comunidade que dicían que era o propio crego quen baixaba o santo a víspera da súa festividade, durante a noite.

2.- Lenda sobre o Santuario da Sta. Cristina de Areas.-

O santuario está emprazado na freguesía da Sta. Cristina de Areas, municipio de Antas de Ulla, diócese de Lugo. A súa festividade celébrase o día dezoito de outubro en honor do S. Lucas.

Os máis vellos do pobo contan *"que según seus antepasados o santuario encontrábase nunha zona da parroquia chamada popularmente Areas. Este terreno, que estaba nun lugar húmedo, fixo que a igrexa se hundira no barro menos a Virxen de Sta. Cristina, que foi trasladada o santuario que existe actualmente. Debido a este feito a parroquia tomou o nome de Sta. Cristina de Areas. O lugar do*

³¹.- VELASCO, Honorario.M.: *Obr. cit.* p. 408.

hundimiento aínda se encontra, hoxe en día, muy movedizo e síguese chamando Areas. Posee unhas fontes de auga naturais" ³³.

3.- Lenda sobre a igrexa de San Mamede de Agüela.-

Esta igrexa está situada no municipio de Antas de Ulla.

Dicíase *"que noutro tempo había en Lebesende unha igrexa, que agora non a hai, porque según os máis vellos fundiuse, quedando o santo do pobo, S.Pedro, no cume da igrexa. Logo este santo trasladárono a San Mamede de Agüela. Hoxe en día aínda hai pedras con algúns dibuxos no lugar, onde se fundiu a igrexa"* ³⁴.

Ámbalas dúas lendas exercían a función de ocultamento de antigos cultos pagáns, probablemente ligados coa auga, para os habitantes desta ampla zona. Algúns pensadores sinalan que os cataclismos acuáticos simbolizaban, entre outras, as seguintes funcións: punitiva, purificativa e rexenerativa.

"No asolagamento existe algo máis que sinxela punición; tén, asimesmo, función soteriolóxica, de purificación e rexenarición" ³⁵.

4.- Lenda sobre o santuario do S. Antonio de Pádua.-

Este santuario está emprazado na freguesía de Santiago de Felmil, municipio de Begonte, diócese de Mondoñedo-O Ferrol. A súa festividade celébrase o sábado e domingo máis próximos ó catorce de xuño.

Hai bastantes anos que a capela antiga do S. Antón estaba situada no lugar chamado do S. Nicolao. Esta capela tiña uns malos accesos o que motivou que os cregos da actual casa de Algara quixeran construír unha nova capela nun lugar que tivera mellores accesos. Por tal motivo estes cregos foron os causantes de que os santos, S. Antonio e S. Xosé, aparecesen ó amencer nun sitio máis axeitado, de onde eran devoltos polos veciños ó seu lugar orixinario, e así unha e outra vez, ata que a capela se construíu no lugar actual. Estes feitos consérvanse na comunidade parroquial por medio da seguinte lenda: *"da antiga capela do S. Nicolao desaparecían pola noite os santos, S. Antonio e S. Xosé, aparecendo pola mañá cedo no lugar actual. Os veciños devolvían os santos ó seu lugar orixinario, pero volvían aparecer no mesmo sitio á mañá seguinte, e así sucesivamente. Tamén chegou un momento en que as portas da capela aparecían tiradas no chan. Por tal motivo os veciños de Denune facían procesións arredor da capela, e rezábanlle ó santo dicindo: "S. Nicolas, aparécete a nos que o décimo das fabas, pagámolo nos". Os veciños, despois de moitas idas e venidas, acabaron construíndo unha nova capela no lugar actual"* ³⁶.

³².- Informante de Monforte de Lemos.

³³.- Informantes de Sta. Cristina de Areas (Antas de Ulla).

³⁴.- Informante de San Mamede de Agüela (Antas de Ulla).

³⁵.- TABOADA CHIVITE, Xesús.: *Obr.cit.*, p. 104.

³⁶.- Informantes de Denune (Felmil) (Begonte).

Esta lenda intenta reflectir como o cambio é debido preferentemente á consecución duns mellores accesos a este novo lugar de culto, situado na mesma freguesía como o anterior.

5.- Lenda sobre o Santuario da Virxe do Monte.-

Este santuario está situado na freguesía do S. Xoán de Sistallo, municipio de Cospeito, diocese de Mondoñedo-O Ferrol. A súa festividade ten lugar o día oito de setembro.

Diciase *"que fai moitos anos quería construír unha nova capela da Virxen no centro do pueblo; por tal motivo deixaban durante todo o día a imaxe da Virxen na obra, recen comenza. Ó día seguinte aparecía de novo na capela pequena da colina"*³⁷.

Esta lenda tenta amosarnos certa oposición veciñal ó traslado da Virxe do seu lugar orixinario.

6.- Lendas sobre o Santuario do S. Cosme.-

Este santuario está emprazado na freguesía do S. Martín de Galgao, municipio de Abadín, diocese de Mondoñedo-O Ferrol. A súa festividade celébrase o día vinte e sete de setembro.

Sobre o cambio de situación deste santuario hai dúas lendas diferentes:

a.- A primeira delas dinos *"que hai anos celebrábase esta romaxe nun monte chamado Os Samordás, e resultaba difícil chegar alí. A capela do S. Cosme era pequena, polo que moitos devotos tiñan que marcharse sen oír misa. Un bo día o santo comenzo a desaparecer da capela e aparecer noutro lugar máis fermoso e axeitado. O santo era devolto, e volvía aparecer no mesmo sitio, e así unha e outra vez, ata que o crego da parroquia convenceu os veciños do lugar de que o S. Cosme quería cambiarse para aquel sitio"*³⁸.

A razón do cambio radicaba en que o novo espazo tiña mellores accesos que o antigo. Polo tanto desde setembro do ano mil novecentos vinte e cinco abriuse ó culto un novo santuario, situado no barrio da Xesta, preto da estrada N-634.

b.- A segunda fálanos *"de que despois de que o S. Cosme foi trasladado á nova capela, apareceu no lugar de Samordás. Traslado de novo a capela actual, volveu aparecer no seu lugar de orixe, sen que ninguén encontrase unha explicación ó fenómeno, de tal modo que algúns veciños comenzo a considerar a posibilidade de que o santo tivese algún motivo para opoñerse a su traslado a nova capela"*³⁹.

Da primeira lenda deducimos como o crego do santuario deuse conta de que alí non era bo lugar para celebrar

unha romaxe, xa que para chegar a ese sitio había que ir polo monte, debido á falta de camiños. De aí que en aparencia o crego fose o responsable directo do traslado do santo dun lugar a outro por motivos relixiosos e humanos preferentemente. Sen embargo algúns fregueses do lugar manifestaban o

³⁷.- Informante da Feira do Monte (Cospeito).

³⁸.- Informante da Xesta (Abadín).

³⁹.- Informante de Samordás (Galgao)(Abadín).

seguinte: *"podemos dicirlle que o S. Cosme encóntrase na mesma parroquia mais non é o mesmo barrio. Este S. Cosme é procedente de Samordás. Neste novo lugar construíron a capela catro señores muy ricos, que facían o que querían da parroquia, mentres os pobres non contabamos para nada"*⁴⁰. Polo tanto desta nova referencia, sacamos unha consecuencia básica, consistente en que o párroco e algunhas persoas da parroquia, pertencentes a un nivel socio-económico superior, tiñan unha relación importante na toma de certas decisións, algo moi corrente, naqueles intres, en case tódalas parroquias galegas.

Da segunda lenda deducimos que algún veciño ou veciños do lugar de Samordás repoñían o santo no seu lugar orixinario. Isto viña a reflectir certa oposición veciñal ó traslado do santo.

7.- Lenda sobre o Santuario do S. Adrián.-

Este santuario está situado na freguesía de Pacios, municipio de Begonte, diócese de Mondoñedo-O Ferrol. A súa festividade celébrase, no mes de maio, o día da Ascensión.

Sobre o cambio de emprazamento deste santuario hai a seguinte lenda: *"hai bastantes anos, na campa de Carballido, apareceron as imaxes de S. Xulián e S. Adrián. Os veciños dese lugar volvéronas ó sitio de orixen, pero como en días sucesivos seguiron aparecendo no mesmo lugar, decidiron construír aí unha nova capela para darlles culto"*⁴¹.

Esta lenda intenta narrar o cambio de situación do recinto sagrado, que inicialmente estaba situado no vilar do S. Xulián, e na actualidade encontrase na mencionada campa, distante un quilómetro e medio do seu lugar orixinario. Agora ben, a verdadeira razón do cambio de situación da capela, segundo algunhas informacións de persoas de bastante idade do lugar foi a seguinte: a antiga capela encontrábase situada nun lugar, propiedade da familia de Campos e dunhas persoas da vila de Viveiro, que venderon a súa parte a Antón de María, do lugar de Rañal (Pacios). Nesta capela venerábase ó S. Xulián e ó S. Adrián. A súa festividade tiña lugar o sete de xaneiro. Ese día os devotos deixaban as propiedades existentes ó redor da capela nun estado calamitoso. Isto motivou que os donos de ditas propiedades decidisen trasladar a capela para outro lugar, polo cal levaron de noite as imaxes de ámbolos dous santos para a campa de Carballido. Quizais a ignorancia dalgunhas persoas do lugar e a influencia socio-económica dos donos das propiedades, nas que se encontraba a antiga capela, persuadiron ós veciños desa comunidade, para que construíran un novo santuario no sitio de aparición de ámbalas dúas imaxes.

8.- Lenda sobre o Santuario do S. Vitorio.-

Este santuario está emprazado na freguesía do S. Salvador de Damil, municipio de Begonte, diócese de Mondoñedo-O Ferrol.

⁴⁰.- Informantes de Samordás (Galgao)(Abadín).

⁴¹.- Informantes de Carballido (Pacios)(Begonte).

Hai anos o párroco tentou trasladar a imaxe do S. Vitorio para a igrexa da freguesía por dúas razóns preferentes: por unha banda, para concentrar todo o culto parroquial na igrexa, e por outra porque a capela quedaba un pouco distante da antiga rectoral. De tódolos xeitos este traslado non foi posible debido á oposición veciñal que houbo na freguesía. Este feito quedou reflectido na comunidade por medio da seguinte lenda: "*Aquí era muy molesto vir a celebrar misa e, según dicían, o cura párroco levou ó santo pra arriba nunha carroza tirada por dúas vacas, e as seis da mañá apareceu o santo no lugar orixinario outra vez*"⁴².

Sobre estes dous tipos de lendas, hai outras, que cito a continuación, recollidas por unha serie de investigadores.

1ª.- A lenda sobre o bispo santo e os normandos⁴³.

2ª.- A lenda sobre a Virxe da Hermida⁴⁴.

3ª.- A lenda sobre o río Miño⁴⁵.

4ª.- A lenda sobre a ermida de San Nicolao de Torre (Vilalba)⁴⁶.

O valor de conformidade destas lendas non podería ser discutido sen cuestionar o mesmo tempo a credibilidade da comunidade. A comunidade convírtese en testemuña comprometida dunha verdade de fe local, particularizada⁴⁷.

⁴².- Informante de Damil (Begonte).

⁴³.- CARRÉ ALVARELLOS, Leandro.: *Obr. cit.*, p. 74 e ss.

⁴⁴.- CARRÉ ALVARELLOS, Leandro.: *Obr. cit.*, p. 115.

⁴⁵.- GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Obr. cit.*, p. 110.

⁴⁶.- REIGOSA CARREIRAS, Antonio.: "A ermida de San Nicolao de Torre (Vilalba). Lenda e Historia". *Rev. Croa. Boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga*. Nº 5. Castro de Rei. Lugo, 1995, pp. 25-26.

⁴⁷.- VELASCO, Honorario M.: *Obr. cit.*, p. 409.